

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021974	Fonteboa	Coristanco	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM01	Transporte e loxística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0628	Organización do transporte de viaxeiros/as	2022/2023	4	87	104

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	PATRICIA ROMERO GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil do título, e por extensión do estudante que cursa e supera os estudos do ciclo formativo "transporte e loxística", ven determinada pola súa competencia xeral, que consiste en "organizar, xestionar e controlar as operacións do transporte de mercancías e de persoas nos ámbitos nacional e internacional, e en planificar e xestionar as actividades loxísticas dunha empresa, dacordo coa normativa e cos obxectivos establecidos pola dirección da empresa, nun marco da calidade, seguridade e respecto medioambiental". Deste xeito, as capacidades que o alumnado adquire por medio das competencias xerais e específicas gardan íntima relación co ámbito produtivo onde se desenvolverá a súa labor profesional.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Determinación dos servizos de transporte de persoas		16	16
2	Determinación de tarifa e prezo		16	16
3	Elaboración de plans de transporte		16	15
4	Programación, planificación e deseño de rutas		16	15
5	Organización do traballo		15	14
6	Control de calidade e incidencias		25	24

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Determinación dos servizos de transporte de persoas	16

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os recursos e as características das operacións de transporte de viaxeiros, considerando as posibles variacións na demanda e nos criterios organizativos.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Seleccionáronse os criterios para dimensionar a flota de vehículos dunha empresa de transporte de viaxeiros por estrada.
CA1.2 Aplicáronse os criterios e as técnicas existentes para determinar o número e o perfil dos profesionais da conducción necesarios.
CA1.3 Seleccionáronse as alternativas de prestación de servizos utilizando vehículos propios e alleos, contratados en aluguer con exclusividade, puntualmente ou de xeito esporádico.
CA1.4 Determinouse o equipamento e/ou os accesorios dos vehículos necesarios para asegurar a calidade do servizo e a seguridade dos viaxeiros.
CA1.5 Seleccionouse a documentación técnica e administrativa necesaria para os vehículos e o profesional da conducción segundo a normativa.
CA1.6 Diferenciáronse os convenios colectivos autonómicos e/ou provinciais de transporte de viaxeiros por estrada, así como as consecuencias que se derivan da súa aplicación en materia retributiva e de condicións de traballo.
CA1.7 Rexistrouse mediante aplicacións de xestión da información e actualizouse periodicamente a información dos servizos de transporte que preste a organización.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Normas relativas á organización do mercado de transporte de viaxeiros por estrada.
Normas para a creación de servizos de transporte.
Prego de condicións dunha concesión.
Tipos de servizos de transporte de viaxeiros.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Determinación de tarifa e prezo	16

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a tarifa e o prezo do billete ou servizo, tendo en conta os custos.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as partidas e a estrutura de custos dunha empresa de transporte de viaxeiros por estrada.
CA2.2 Calculáronse as razóns de custo por quilómetro percorrido, custo en baleiro e custo por viaxeiro, de acordo cos custos fixos e variables estimados.
CA2.3 Aplicáronse as regras de formación de prezos e tarifas do servizo de transporte de viaxeiros ao cálculo destes.
CA2.4 Aplicáronse os criterios de asignación de custos indirectos da actividade do transporte.
CA2.5 Determináronse as partidas e a estrutura de custos de operacións de transporte por estrada de viaxeiros.
CA2.6 Analizouse a estrutura de custos de diversos tipos de operacións de transporte de viaxeiros.
CA2.7 Identificáronse as situacións máis significativas en que se poida incurrir en custos non previstos, e o xeito de corrixir as tarifas aplicadas á clientela.
CA2.8 Diferenciáronse as fórmulas de cálculo da tarifa aplicable ao transporte de viaxeiros en, polo menos, razón céntimo por quilómetro, tarifa partícipe e prezo do billete.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Regras relativas ás tarifas e formación de prezos no transporte público e privado de viaxeiros.
Regras relativas á facturación dos servizos de transporte de viaxeiros por estrada.
Partidas e estrutura de custos dunha operación de transporte de viaxeiros.
Criterios de asignación de custos indirectos da actividade.
Razóns de custo por quilómetro percorrido, custo en baleiro e custo por viaxeiro.
Tipos impositivos no transporte de viaxeiros por estrada.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Elaboración de plans de transporte	16

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora plans de transporte, aplicando criterios de calidade, seguridade e eficiencia.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionouse información en mapas de rúas e aplicacións de deseño de rutas, as zonas xeográficas, tipos de vías, calidade do trazado e as normas de regulación de tráfico e transportes por estrada aplicables.
CA3.2 Determináronse as condicións para a elaboración do plan de transporte regular e discrecional de acordo co tipo de servizo que cumpra realizar e a regulación da concesión, tendo en conta se son de obrigado cumprimento, mínimos da concesión e melloras.
CA3.3 Elaborouse o plan de transporte considerando os criterios de calidade, medidas de PRL e factores ambientais, os aspectos obrigatorios establecidos nas condicións da concesión e as necesidades da clientela, da axencia de viaxes, etc.
CA3.4 Determináronse os puntos de parada con descenso e subida de viaxeiros en función do número e do lugar de situación destes.
CA3.5 Confeccionouse a ruta que se deba cubrir no plan de transporte buscando a máxima eficiencia, mellorando tempos e utilizando unha aplicación informática de planificación de rutas.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Normas para o establecemento de plans de transporte.
Xeografía viaria dos estados membros da Unión Europea.
Aplicacións de deseño de rutas.
Utilización de aplicacións de xestión de tarefas e proxectos na planificación do servizo de transporte de viaxeiros.
Normativa e fontes de información de transportes, tráfico e circulación, fiables e oficiais, no ámbito do transporte por estrada interior e internacional.
Documentos de transporte.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Programación, planificación e diseño de rutas	16

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Programa os servizos de transporte de viaxeiros, aplicando criterios de eficiencia.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Elaborouse o calendario que garanta o cumprimento dos servizos, os períodos de parada e os plans de mantemento dos vehículos, e os tempos de conducción, de descanso e de traballo dos profesionais da conducción.
CA4.2 Elaborouse a programación dos servizos de transporte tendo en conta as características e o volume dos vehículos e dos profesionais da conducción dispoñibles e de reserva.
CA4.3 Elaborouse o cuadrante de servizos de vehículos e profesionais da conducción a partir do calendario e do horario dos servizos de transporte para a prestación do servizo, no tempo e na forma requiridos, e consonte a normativa.
CA4.4 Estableceuse a reprogramación dos servizos de transporte de viaxeiros en caso de imprevistos, de acordo co procedemento establecido.
CA4.5 Establecéronse os plans de mantemento dos vehículos de acordo co departamento de tráfico considerando a normativa, os niveis de servizo, as necesidades e as programacións de servizos.
CA4.6 Planificouse a cobertura de vacantes diarias de profesionais da conducción cos recursos de reserva e/ou reasignáronse os recursos dispoñibles.
CA4.7 Consideráronse as normas relativas ao transporte escolar e de menores na elaboración da programación.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Programación dos servizos de transporte de viaxeiros con criterios de eficiencia e calidade.
Planificación do mantemento dos vehículos da empresa co departamento de tráfico.
Elaboración do cuadrante de servizos de vehículos e profesionais da conducción.
Reprogramación dos servizos de transporte de viaxeiros.
Identificación das limitacións máis significativas relativas a circulación, comerciais e de ambiente, así como as medidas e posibles elementos para a súa atenuación.
Transporte escolar e de menores.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Organización do traballo	15

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Determina os procedementos de coordinación do equipo de profesionais da condución, cumprindo os obxectivos e os servizos establecidos.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Elaboráronse as instrucións e os documentos que se lles deban transmitir aos profesionais da condución, cumprindo a normativa e os procedementos internos.
CA5.2 Cubríronse as follas de ruta segundo o tipo de servizo (regular, discrecional, interior ou internacional).
CA5.3 Especificáronse as características da carga asignada, puntos e horarios de recollida, percorrido, remitentes, destinatarios, e puntos e horarios de entrega, nas instrucións que se lle deben transmitir ao profesional da condución.
CA5.4 Identifícaronse os sistemas de comunicación axeitados para garantir o cumprimento dos trámites e dos horarios previstos no paso de fronteiras.
CA5.5 Recoñecéronse as normas e as medidas de prevención de riscos laborais aplicables no posto de traballo do profesional da condución e no seu equipamento.
CA5.6 Identificouse a influencia da cultura empresarial e os estilos de mando e liderado na execución e na prestación do servizo de transporte.
CA5.7 Aplicáronse técnicas de resolución de conflitos no contexto de traballo habitual no ámbito do transporte de viaxeiros por estrada.
CA5.8 Analizáronse as competencias emocionais, intrapersoais e interpersoais que debe ter a persoa responsable da xefatura de estación e/ou dun equipo de profesionais da condución.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Plan de prevención de riscos laborais.
Estilos de liderado en empresas de transporte de viaxeiros.
Dirección de equipos.
Traballo en equipo. Técnicas de dinámica de grupos.
Motivación de equipos de traballo.
Instrucións e documentación que se lles debe transmitir aos profesionais da condución.
Programación ou cadro de servizos.
Normas e medidas de prevención de riscos laborais para profesionais da condución.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Control de calidade e incidencias	25

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Planifica o control de horarios, frecuencias e ocupacións dos servizos de transporte, utilizando sistemas de autonavegación, seguimento e localización dos vehículos, así como de xestión dos tempos de condución e descanso do persoal profesional da condución.	SI
RA7 - Elabora propostas que resolvan accidentes e situacións de emerxencia durante a prestación do servizo, cumprindo as normas de seguridade, calidade e dereitos do viaxeiro.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Descríbense os protocolos habituais e as directrices que se utilizan na inspección de viaxeiros en servizos de transporte.
CA6.2 Utilizáronse os sistemas informáticos de xestión e comunicación necesarios para garantir a información e a comunicación das operacións de transporte, con viaxeiros, estacións de autobuses, paradas, tráfico e administracións públicas.
CA6.3 Planifícanse os reaxustes de vehículos, profesionais da condución e frecuencia dos servizos, ante posibles casos de incidencias.
CA6.4 Valorouse a incidencia de posibles continxencias, retrasos e accidentes na calidade dos servizos prestados.
CA6.5 Definíronse as posibles responsabilidades persoais ou organizativas de continxencias, retrasos e accidentes, para adoptar solucións axeitadas e informar a viaxeiros e a clientela.
CA6.6 Establecéronse as xestións para solucionar as continxencias que leva consigo a retención do vehículo.
CA6.7 Simulouse o seguimento das operacións en distintos postos de desenvolvemento de distintas liñas, manexando SAE, GPS, etc.
CA7.1 Descríbense os dereitos e os deberes dos profesionais da condución e do persoal da empresa de transporte de viaxeiros e estación de autobuses que figuran na lexislación, e os procedementos internos de actuación.
CA7.2 Determináronse as consecuencias derivadas do incumprimento da normativa e as recomendacións de transporte, seguridade viaria e laboral, así como as sancións aplicables.
CA7.3 Determináronse os equipamentos e os medios para o cumprimento das normas relativas á seguridade laboral, accidentes e emerxencias en vehículos, estacións de autobuses e paradas.
CA7.4 Fíxáronse as pautas de comportamento das persoas profesionais da condución e responsables da xefatura de tráfico na prevención de accidentes, e recomendacións de seguridade viaria e primeiros auxilios.
CA7.5 Analizouse o procedemento para supervisar e garantir o cumprimento das normas de seguridade laboral e emerxencia por parte das persoas profesionais da condución e o persoal adicado ao seu cargo.
CA7.6 Identificouse a normativa das estacións de autobuses para garantir as condicións de limpeza, orde e seguridade.
CA7.7 Propuxéronse as medidas de mellora ao analizar as causas e as consecuencias dos accidentes e das emerxencias durante os servizos, respectando a normativa en materia de seguridade viaria.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Sistemas de axuda á explotación SAE.
Sistemas informáticos de planificación e localización de vehículos.
Sistemas informáticos de xestión de tempos de condución e descanso.
Protocolos e directrices que se utilizan na inspección de viaxeiros en servizos de transporte.

**Contidos**

Análise de reclamacións respecto aos danos causados aos viaxeiros ou ás súas equipaxes por accidente ou retraso.

0 Procedementos para evitar a repetición de accidentes ou infraccións graves.

Repercusións das reclamacións sobre a responsabilidade contractual: intervención das xuntas arbitrais de transporte.

Dereitos e deberes dos profesionais da conducción e persoal da empresa de transportes.

Equipamentos e medios de seguridade de vehículos e estacións.

Medidas e recomendacións de seguridade en estrada, ante accidentes e en situacións de emerxencia.

Normas, prohibicións e restricións de circulación dos estados membros da Unión Europea.

Consignas aos profesionais da conducción de verificación das normas de seguridade relativas ao estado do material de transporte, do seu equipamento e da carga.

Consignas aos profesionais da conducción respecto á conducción racional e segura.

Procedementos de actuación en caso de accidente.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Terase en conta o establecido na Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Para este módulo a cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos; deste xeito o nivel competencial segundo a valoración obtida a través dos instrumentos e procedementos plantexados para tal fin será o seguinte:

Moi Competente: de 9 a 10 (Sobresaínte)

Competente: de 7 a < 9 (Notable)

Aceptable: de 5 a < 7 (Aprobado)

Non competente: < 5 (Suspense)

O alumno, en cada proba, práctica ou traballo realizado, obterá un valor numérico con decimais. Unha vez recopiladas todas as notas dos diferentes instrumentos realizados ao longo do proceso formativo, a ponderación para obter a cualificación competencial anterior realizarase do seguinte xeito:

Tarefas de clase (35%): Mínimo 5/10

Proba Escrita final (75%): Mínimo 5/10

Así pois, atendendo ao exposto, o alumno, finalmente atopará un valor numérico sen decimais. Polo tanto, a cualificación final que se otorgará ao estudante representará de xeito criterial (básase nos criterios establecidos) e sumativa o nivel de competencia adquirido.

Para superar o módulo que nos ocupa é necesario superar de xeito independente as dúas unidades formativas das que se compoñe, nas que se agrupan un conxunto de elementos curriculares que teñen sentido entre si e que teñen unha finalidade terminal, isto quere dicir que para cada unha obterase unha cualificación final e, se esta é maior que 5 superarase a unidade formativa así cualificada, polo cal otorgarase a súa acreditación, aínda que non se haxa superado o módulo formativo (neste caso por ter na outra unidade formativa unha cualificación inferior a 5).

A avaliación continua require a asistencia regular do alumnado ás clases e a realización das actividades programadas, de tal xeito que é un requisito para poder avaliarse. Deste xeito, o alumnado perderá o dereito a esta avaliación continua cando acumule un 10% ou máis de faltas de asistencia non xustificadas no módulo. Se sucede esta casuística non se lle poderá contar para a súa avaliación a puntuación do traballo permanente polo que se realizará unha proba final extraordinaria.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Existe unha proba final para aqueles alumnos que non superaron os criterios mínimos para cualificar positivamente. A recuperación de cada criterio de avaliación non superado realizarase no exame final que terá lugar ao final de cada avaliación. Será necesario sacar a lo menos un 5, sen sacar menos dun 4 en ningunha das partes. Os alumnos que non acaden a puntuación esixida deberán asistir ás actividades de recuperación propostas no terceiro trimestre, deseñadas de forma individual segundo aquelas partes que precisen reforzo. Estas actividades estarán encamiñadas ao desenvolvemento das cuestións e tarefas onde o alumno atopa maiores dificultades. Ao final de dito periodo, proporase unha proba teórica e práctica que o alumno deberá superar cunha cualificación mínima de 5. Dita proba consistirá en cuestións de resposta curta, tipo test e resposta longa.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Unha vez constatada a perda da avaliación continua, para a superación do módulo o alumno terá que superar unha proba teórico-práctica no

mes de xuño, nun período destinado a facer os exames finais (despois de facer a terceira avaliación). A devandita proba será referida a todos os contidos mínimos das unidades didácticas, e os alumnos deberán sacar polo menos un 5 para superar o módulo. A proba poderá consistir no desenvolvemento de temas, cuestións de resposta curta, cuestións tipo test ou supostos prácticos.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Para conseguir resultados satisfactorios con esta programación, faise fundamental realizar unha avaliación constante e continua desta. Ao longo do curso escolar poderanse realizar cambios debido a posibles incidencias, como incorporacións de alumnado ou cambios nas diferentes unidades didácticas debido a imprevistos nos que resulte imprescindible modificar, suprimir ou realizar novas actividades.

Esta avaliación levarase a cabo de xeito mixto. En primeiro lugar, avaliarase a práctica educativa a través dunha reflexión propia, mediante unha táboa deseñada para a avaliación da propia práctica docente e unha escala de logro, que se cumprimentará ao rematar cada unidade didáctica, para, deste xeito, comparar cómo evoluciona o propio traballo e cuantificar os resultados. En segundo lugar, a avaliación por parte dos alumnos realizarase mediante unha enquisa escrita e anónima.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Da avaliación inicial do curso valoraranse aqueles alumnos/as que poidan ter dificultades (alumnos/as que superaron o BAC con dificultade, ciclos medios) e aqueles outros que poidan ter vantaxe (alumnos/as de ciclos afíns ou mesmo alumnos/as de Universidade).

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades.

Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor que se encargue da titoría, dará a información dispoñible sobre as características xerais de grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa de cantos alumnos e alumnas o compoñen.

Para este fin, o alumnado deberá realizar unha proba escrita (para demostrar os coñecementos que ten co devandito módulo), e entregar ao profesor unha ficha cos datos persoais, especialmente indicando a formación previa (Bacharelato, outro ciclo formativo, Universidade).

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Atenderase ao establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

A aula para a que se programa é heteroxénea, estando esta diversidade determinada por diferentes factores propios aos alumnos. Isto é referido a cuestións como:

- ¿ As diferentes idades do alumnado, xa que ao ser unha etapa que non se cursa a unha idade concreta, atopamos na aula diferentes idades cronolóxicas e polo tanto, con diferente nivel de madurez.
- ¿ As diferentes experiencias laborais, posto que é posible que algúns alumnos xa traballasen.
- ¿ As diferentes etapas de procedencia, o que implica que o seu nivel de coñecemento inicial sexa tamén diferente.
- ¿ Os distintos ritmos de aprendizaxe dentro do grupo, o que implica que o alumnado aprenda a diferentes ritmos, e que algún alumno precisen máis tempo ou máis repeticións que outros.
- ¿ Os distintos intereses ou motivacións, xa que para algúns dos alumnos da aula este ciclo formativo non era a súa primeira opción.

¿ diferente nivel sociocultural, ao provir de diferentes contextos sociais ou países.

Para atender as circunstancias anteriormente expostas, e ante as necesidades que poidan surxir, realizaranse as adaptacións necesarias en colaboración co Departamento de Orientación. Estas adaptacións ao tratarse de Formación Profesional serán de reforzo educativo, non significativas, podendo afectar á utilización dos recursos, metodoloxía (agrupamentos flexibles e desdobres) ou ao xeito de plantexar a clase, pero non se poderán modificar nin os contidos, nin os resultados de aprendizaxe, ni os criterios de avaliación, xa que os referentes a alcanzar deben de ser os mesmos.

A L.O.M.C.E. dinos que, dentro desta diversidade, poderán darse casos de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, é dicir, dentro da heteroxeneidade propia que antes mencionouse pode haber alumnos que necesiten apoios educativos adicionais.

Neste curso, cabe destacar un caso que necesitará levar a cabo diferentes medidas de apoio. Trátase dun alumno estranxeiro, o cal ten dificultades coa fala, escritura e lectura do castelán e galego, así como un baixo nivel de coñecementos previos pola distinta realidade sociocultural da que proven. Conta con moi boa capacidade de aprendizaxe, de xeito que se adaptarán os materiais e os exames ao idioma inglés, ademais de realizar titorías de reforzo, para reforzar a difícil comprensión de tecnicismos dado á barreira idiomática.

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica pertinente, si se da o caso de que para algún alumno as adaptacións ordinarias non fosen suficientes, levarase a cabo a única medida extraordinaria autorizada na Formación Profesional segundo o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, para axeitarnos aos alumnos con necesidades educativas de apoio específico, que consistirá en realizar unha flexibilización modular, de xeito que se dividirán os módulos para cursar o ciclo en máis anos, neste caso en tres, para o que se pedirá a autorización correspondente.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O apartado 9 do Anexo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, invita a promoción de valores axeitados para os futuros profesionais dependendo do ciclo formativo cursado, por medio da promoción de certas actitudes, o fomento de condutas e a potenciación das formas de actuar. Para a programación do curso deste Ciclo Formativo serán:

- Autonomía no desenvolvemento das actividades e iniciativa na toma de decisións.
- Perseverancia para a consecución de obxectivos e tolerancia á frustración.
- Coidado da saúde e do propio benestar do traballador.
- Respeto polo medioambiente, a través da reciclaxe e o consumo responsable de elementos funxibles, electricidade e auga.
- Tolerancia e civismo, dentro do entorno laboral próximo e cos provedores, clientes e prestadores de servizos, tendo en conta as diferencias culturais que poidan existir
- Colaboración e traballo en equipo.
- Emprendemento.
- Civismo.
- Empatía.

Toda a serie de actitudes e condutas sinaladas serán fomentadas e promovidas a través do propio traballo na aula:

- Actividades de traballo cooperativo e colaborativo.
- Participación de todos os alumnos nas exposicións de contidos e exercicios nas clases.
- Elaboración de actividades de xeito individual.
- Traballo en parellas.

Consultaráselle ao alumnado as decisións e negociaranse éstas en base a acordos, amosando cercanía para axudarlles a resolver calquer tipo de problema tanto académico como persoal, e fomentarse o diálogo entre os alumnos como medio de resolución de conflitos.

Aproveitaranse as visitas e conferencias de certos colectivos (ecoloxistas, inmigrantes, persoas con discapacidade, deportistas locais, Policía Nacional,...) ao noso centro para reflexionar uns minutos na clase.

Ademáis, concienciarase no uso axeitado dos medios facilitados polo Centro (os ordenadores personais serán de uso frecuente), a reciclaxe de todo o material posible (papel, cartuchos de tinta da impresora, etc.), o consumo responsable de suministros (auga nos aseos, atención sobre o encendido e apagado dos ordenadores e luces na aula, etc.). Por último, penalizarase as actitudes intolerantes ou pouco cívicas hacia os compañeiros, docentes ou personal do centro.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Ademáis dos contidos curriculares, que son os prescriptivos da programación, o futuro Técnico Superior en Transporte e Loxística ten que ter un conxunto de actitudes, habilidades e valores para desempeñar a súa profesión que non veñen establecidos no currículo. Debese ter en conta o ámbito no cal deberán traballar os futuros Técnicos Superiores en Transporte e Loxística.

O profesor gozará de autonomía no desenvolvemento da súa labor como docente para promover estes hábitos, con certa relevancia para o alumnado deste ciclo formativo.

Considerase esencial fomentar a lectura, xa que a lectura comprensiva e analítica é a base para desempeñar a maioría de tarefas que terán que resolver estes futuros traballadores, e axudaraos a entender e superar con éxito os retos educativos e profesionais que terán que afrontar ao longo da súa continua formación e carreira profesional.

Promoverase o análise diario ou semanal de noticias de actualidade buscadas en prensa ou medios dixitais que teñan que ver cos contidos que se estén tratando, para posteriormente analizar criticamente e establecer a relación cos contidos a desenvolver; e a búsqueda, lectura e comprensión de artigos académicos e textos complexos do ámbito empresarial.